

AXUDAS PARA ADQUISICIÓN LIBROS DE TEXTO DE ESO **CURSO 2015-2016**

Alumnado que vai cursar 1º e 3º da ESO no 2015/16

Normativa: Orde 22 de maio de 2015 (DOG do 1 de xuño)

REQUISITOS:

- Estar matriculado en 1º ou 3º da ESO no curso 2015/16.
- Ter devoltos os libros de texto coas axudas do curso 2014/15, forrados e en bo estado.
- Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000 euros.
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN:

- Secretaría do IES Plurilingüe Fontexería.

PRAZOS:

- Prazo ordinario: do 25 de xuño ao 27 de xullo de 2015, ambos inclusive.
- Prazo extraordinario: do 2 de setembro ao 2 de outubro de 2015, ambos inclusive.
- Preferentemente cando se formalice a matrícula.

CÁLCULO DA RENDA PER CÁPITA:

- Terase en conta a situación persoal e familiar en 31 de decembro de 2013 e o exercicio fiscal 2013.
- Dividirase a renda familiar entre o número de membros da unidade familiar.

TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES E ADQUISICIÓN DOS LIBROS:

- As solicitudes poderán obterse na secretaría do centro ou na Guía de procedementos e servizos (<https://sede.xunta.es> ou ben no portal educativo (<http://www.edu.xunta.es>))
- Unha vez tramitada e validada a solicitude entregaráselle un vale á persoa solicitante.
- Con este vale, a persoa solicitante poderá adquirir **unicamente libros de texto** no establecemento que escolla e polo importe máximo que figura no documento.

OBRIGAS:

- O alumnado ten a obriga de **conservar en bo estado os libros de texto** adquiridos na súa integridade con cargo ao importe das axudas, así como **incorporalos**, ao rematar o curso escolar 2015/2016 (xuño ou setembro, segundo o caso), **a un fondo solidario** que se constituirá no centro.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES PLURILINGÜE
FONTEXERÍA**

Agra de Baño 21, C.P. 15259 MUROS

Tlf/Fax 981 82 72 25

ies.fontexeria@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

CREACIÓN FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO DA ESO CURSO 2015-16

O Fondo Solidario estará constituído polos libros de texto devoltos de forma obrigatoria ou achegas voluntarias.

DEVOLUCIÓN OBRIGATORIA

- Debe devolver os libros de texto todo o alumnado que recibiu axudas para a súa compra no curso 2014/15, o día de entrega de notas seguindo as indicacións do profesorado.
- No caso de ter materias suspensas devolverase o libro correspondente en setembro, o día de entrega de notas.
- A non devolución do libro implica non ter dereito ao acceso do Fondo Solidario.

ACHEGAS VOLUNTARIAS

- Todo o alumnado pode facer achegas voluntarias dos libros de texto utilizados no curso 2014/15.
- Esta achega farase o día de entrega de notas, en xuño ou setembro.